



Expediente nº 97/142

Miguel Martín Peña, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, ao abeiro dos artigos 82 e 83 de Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e das restantes normativas que aplican a tal efecto, postula as seguintes EMENDAS PARCIAIS ao orzamento Xeral do Concello de Vigo correspondente co expediente 97/142.

Emendas parciais de adición: 39.

Emendas parciais de redución: 3.

Por este motivo, **SOLICITA:**

que conste a presentación do presente escrito e as súas propostas, en termos de emendas de adición, na configuración do orzamento 2026 do Concello de Vigo e os seus entes.

Exposición de motivos.

O proxecto de Orzamento consolidado limitativo do Concello de Vigo para o exercicio 2026, cun importe total de 350.883.484,95 euros, preséntase como un documento formalmente correcto mais carente de impulso, planificación e visión estratéxica. Vigo é hoxe unha cidade con capacidade financeira, cun remanente acumulado superior aos 96 millóns de euros, pero cunha taxa de execución real dos investimentos que apenas chega ao 8%, segundo os datos do terceiro trimestre de 2025.

A principal debilidade deste orzamento non é a súa solvencia, senón a falta de execución e de prioridade política. Ano tras ano, o Concello de Vigo mantén un volume moi elevado de créditos non executados, proxectos prorrogados e investimentos que se repiten sen

materializarse. A consecuencia é unha cidade que garda recursos en lugar de transformalos en servizos, vivenda ou oportunidades de emprego.

A pesar da situación económica xeral favorable —cunha inflación moderada e un incremento sostido dos ingresos por tributos locais—, o investimento produtivo segue a ser insuficiente e pouco focalizado. Vigo precisa pasar de orzamentos publicitarios a orzamentos executivos, centrados nas persoas, nos barrios e no crecemento equilibrado.

Este documento de emendas parte dunha análise realista: non se trata de gastar máis, senón de gastar mellor. O Grupo Municipal Popular propón un conxunto de medidas que redistribúen o gasto, priorizan a vivenda, a política social, o emprego e a seguridade cidadá, e melloran a eficiencia global do orzamento.

A nosa proposta ten tres obxectivos centrais:

- Facer que cada euro público teña un impacto medible na calidade de vida dos vigueses.
- Garantir unha alta execución orzamentaria, reducindo o recurso permanente aos remanentes.
- Promover unha política útil, participativa e transparente, na que os barrios volvan estar no centro da acción municipal.

A Vigo do futuro non se constrúe con titulares nin con orzamentos maquillados, senón con xestión, planificación e execución real. Estas emendas pretenden abrir ese camiño.

Criterios xerais de reorientación do orzamento.

As propostas do Grupo Popular estrutúranse arredor de oito principios de boa gobernanza orzamentaria:

1 ■ Planificación realista e plurianual

A política de investimentos debe basearse en proxectos viables, con fases e prazos definidos, evitando anuncios sen financiamento certo.

2 ■ Execución efectiva e avaliable

Cada programa debe contar con indicadores de execución trimestral accesibles ao público, para medir o cumprimento dos compromisos municipais.

3 ■ Equilibrio social e territorial

O orzamento debe reducir desigualdades, apoiar ás parroquias e barrios periféricos e garantir o acceso equitativo aos servizos.

4 ■ Transparencia e control interno

Reforzar o papel da Intervención, o control de execución e a rendición de contas semestral.

5 ■ Coordinación institucional

Evitar duplicidades coas actuacións da Xunta e do Estado, potenciando a cooperación e o aproveitamento de fondos europeos.

6 ■ Eficiencia e sustentabilidade

Priorizar investimentos que melloren a eficiencia enerxética, a mobilidade sostible e a adaptación ao cambio climático.

7 ■ Apoio ao emprego e á innovación local

Fomentar a formación, o emprendemento e a dixitalización de PEME e autónomos.

8 ■ Cultura da avaliación e do resultado

Cada programa orzamentario debe responder a un obxectivo claro e medible: mellorar a vida das persoas.

Estrutura e xustificación das emendas.

As 39 emendas de adición presentadas responden ás prioridades actuais da cidade.

A. Vivenda.

A política de vivenda segue a ser unha das grandes carencias do orzamento municipal. Vigo precisa un plan estruturado e plurianual que permita dispoñer dun parque público real de vivenda protexida. As emendas propoñen destinar recursos propios e remanentes á compra de solo, á promoción directa de vivenda protexida, á rehabilitación de vivendas baleiras e á creación de bolsas municipais de alugueiro.

As medidas de vivenda supoñen máis de 60 millóns na axenda 2026-2028 (26 millóns de euros para o orzamento 2026) de euros e estrutúranse en catro eixos:

- 1 Compra e mobilización de solo.
- 2 Promoción directa de vivenda protexida.
- 3 Rehabilitación de vivendas baleiras.
- 4 Axudas ao alugueiro e acceso á vivenda.

Xustificación: aumentar o parque público, frear a escalada de prezos e ofrecer alternativas ás familias mozas e con rendas medias.

B. Política social.

O reforzo do Servizo de Axuda no Fogar, a ampliación de programas de saúde mental e benestar emocional, e as axudas á conciliación configuran unha rede de protección real.

Tamén se incorporan axudas á conciliación, apoio a coidadores informais e programas de inclusión social en colaboración coas entidades de barrio.

O obxectivo é garantir que o orzamento social reforce a rede municipal de benestar e loitando contra a pobreza enerxética e a exclusión.

Xustificación: garantir igualdade de oportunidades, atención á dependencia e apoio ás familiase e coidadores.

C. Emprego, economía e innovación.

Vigo necesita reactivar a creación de emprego e o apoio ás PEMEs. As emendas contemplan liñas de fomento do emprendemento xuvenil e feminino, axudas á

contratación en empresas locais, viveiros empresariais nos barrios con maior desemprego e programas de recualificación profesional ligados á transformación dixital e verde.

O obxectivo é ofrecer oportunidades reais e próximas, reducindo o paro estrutural e impulsando unha economía innovadora e sostible.

Xustificación: fomentar a actividade económica local, atraer talento e reducir o desemprego estrutural.

D. Deporte e benestar comunitario.

A mellora das instalacións deportivas, o apoio ao deporte base e feminino, e a recuperación de espazos culturais e patrimoniais conforman unha estratexia de cohesión social.

O investimento previsto é de 9 millóns de euros, co obxectivo de modernizar instalacións, ampliar a oferta e integrar a práctica deportiva e cultural no tecido dos barrios.

Xustificación: fortalecer o tecido asociativo, promover hábitos saudables e conservar o patrimonio cultural.

E. Educación.

O orzamento de educación debe centrarse na mellora integral dos centros públicos.

As actuacións educativas inclúen a mellora de cubertas, patios e eficiencia enerxética nos colexios públicos, e o mantemento das nove escolas municipais, dependentes do Concello, así como unha partida para o mantemento dos centros de educación infantil e primaria públicos ubicados en Vigo, cun investimento estimado de 9 millóns de euros no ano 2026 e un total de 13,5 millóns de euro no marco 2026-2028.

Tamén se propoñen programas de educación dixital e de competencias clave para alumnado e profesorado.

F. Turismo e promoción da cidade.

O turismo é unha das grandes pancas de proxección e actividade económica de Vigo. As emendas do Grupo Popular propoñen consolidar unha estratexia estable de promoción da cidade, aproveitando o impacto do Xacobeo 2027 e reforzando a colaboración con Turismo de Galicia e o sector privado.

As medidas céntranse en tres eixos:

- Promover Vigo como destino Xacobeo, potenciando o Camiño Portugués da Costa.
- Diversificar o turismo urbano, deportivo, cultural e náutico durante todo o ano.
- Optimizar os recursos destinados á promoción do Nadal, con criterios de sustentabilidade e retorno económico.

Así mesmo, destínase investimento á sinalización e rutas turísticas sostibles, mellorando a accesibilidade e a información para visitantes e veciños.

Estas actuacións buscan un turismo de maior calidade, menos estacional e máis respectuoso coa contorna, que contribúa ao emprego local e á dinamización comercial da cidade.

Xustificación: Consolidar Vigo como destino turístico sostible e diversificado, vinculado ao Xacobeo 2027, potenciando o seu impacto económico e a proxección exterior da cidade.

G. Medioambiente.

A aposta ambiental do Grupo Popular céntrase na recuperación de espazos naturais, na creación de novas zonas verdes e na mellora das infraestruturas de drenaxe e adaptación ao cambio climático.

Tamén se inclúe un plan de actuación en zonas inundables e a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións municipais.

Estas medidas contribúen a facer de Vigo unha cidade máis verde, resiliente e saudable, con maior calidade de vida.

Xustificación: mellorar a resiliencia da cidade, a seguridade cidadá e a calidade de vida dos veciños.

H. Seguridade.

A mellora dos medios da Policía Local e Bombeiros é imprescindible para garantir unha cidade segura e próxima.

As emendas inclúen a renovación da flota de vehículos, o reforzo do equipamento operativo e a ampliación do sistema de videovixilancia.

Destaca a creación dunha nova partida para garantir a seguridade dos cemiterios municipais, con cámaras de vixilancia, iluminación e control de accesos, unha demanda veciñal xustificada pola necesidade de protección patrimonial e convivencia cidadá.

Xustificación: Reforzar os medios humanos e materiais da Policía Local e Bombeiros, mellorar a resposta ante emerxencias e garantir a seguridade cidadá e patrimonial en todos os barrios da cidade.

I. Mobilidade e transporte público.

O transporte urbano é un servizo esencial que require estabilidade e planificación.

As emendas propoñen unha partida de 2 millóns de euros para mantemento e ampliación das bonificacións sociais e xuvenís da Pass Vigo, incluíndo:

- A continuidade da bonificación do 20 % municipal adicional ao desconto estatal.
- A gratuidade dos menores de 15 anos.
- O desconto do 50 % para mozos e estudantes ata 30 anos.
- A gratuidade total para titulares da Pass Vigo Social.

Xustificación: Garantir unha mobilidade accesible e sostible, mantendo as bonificacións da Pass Vigo e facilitando o acceso ao transporte público a menores, estudantes e colectivos vulnerables.

J. Xestión financeira.

O equilibrio do orzamento baséase en reaxustes prudentes e viables.

As emendas financianse mediante a redución de partidas non prioritarias:

- Reaxuste parcial do fondo de continxencia.
- Redución do gasto en iluminación e programación do Nadal.
- Axuste da publicidade institucional e comunicación.

Xustificación: Mellorar a eficiencia do gasto público, reducir partidas non prioritarias e asegurar unha execución orzamentaria superior ao 90 %, garantindo o equilibrio e o rendemento social dos recursos municipais.

K. Gobernanza e transparencia.

A boa xestión require transparencia, avaliación e participación.

Propónse a creación dun cadro de mando público con seguimento trimestral do orzamento, auditorías de execución nos capítulos 6 e 7 e a implantación de orzamentos participativos por barrios.

Tamén se impulsa a publicación de informes semestrais e o reforzo do control interno e da Intervención.

Estas medidas garantirán unha administración municipal aberta e responsable.

Xustificación: consolidar unha administración aberta, transparente e orientada a resultados.

Emendas de redución: As tres emendas de redución propoñen unha reaxuste responsable do gasto non prioritario —en publicidade institucional, iluminación e eventos do Nadal e fondo de continxencia— para liberar recursos destinados a políticas sociais, de vivenda e mobilidade, sen comprometer a estabilidade nin os servizos esenciais do Concello.

Táboa de emendas de adición e modificación.

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descripción	Importe	Financiamiento	Xustificación
1	Vivenda	6	151.061.900	Aumento	Plan municipal de vivenda pública: compra de solo e promoción	€ 6.000.000,00	Remanente	Crear un parque público estable e garantir acceso á vivenda asequible.
2	Vivenda	6	151.061.900	Aumento	Promoción directa de vivenda protexida	€ 9.000.000,00	Remanente	Incrementar a oferta de vivenda protexida e reducir o custo medio do alugueiro.
3	Vivenda	6	151.061.910	Aumento	Rehabilitación e mobilización de vivendas baleiras	€ 6.000.000,00	Remanente	Recuperar inmobles en desuso e ampliar o parque dispoñible.
4	Vivenda	4	151.048.000	Aumento	Axudas ao alugueiro e acceso á vivenda	€ 5.000.000,00	Remanente	Apoiar familias e mozos no acceso á vivenda habitual.
5	Política social	2	231.022.799	Aumento	Reforzo SAF e programas de dependencia	€ 1.000.000,00	Remanente	Mellorar o servizo de atención domiciliar e a cobertura da dependencia.
6	Política social	4	231.048.002	Aumento	Plan municipal de saúde mental e benestar emocional	€ 900.000,00	Remanente	Crear programas de atención psicolóxica e prevención de soidade non desexada.
7	Política social	4	231.048.001	Aumento	Axudas á conciliación e coidadores familiares	€ 2.000.000,00	Remanente	Facilitar a conciliación familiar e laboral e apoiar coidadores informais.
8	Política social	4	231.048.001	Aumento	Programas de inclusión e	2.000.000,00	Remanente	Reforzar a

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descrición	Importe	Financiamento	Xustificación
					cooperación co terceiro sector	€		colaboración coas entidades sociais e de barrio.
9	Política social	4	231.048.001	Aumento	Plan contra a pobreza enerxética	€ 750.000,00	Remanente	Axudar fogares vulnerables a reducir o custo da enerxía.
10	Emprego	2	264.310.300	Aumento	Programas de emprendemento xuvenil e feminino	€ 2.000.000,00	Remanente	Apolar o autoemprego e o talento emprendedor.
11	Emprego	4	241.048.000	Aumento	Axudas á contratación en PEMES e autónomos	€ 2.000.000,00	Remanente	Incentivar novas contratacións e reducir o paro local.
12	Emprego	6	241.061.900	Aumento	Rede de incubadoras e viveiros empresariais	€ 2.000.000,00	Remanente	Facilitar espazos de emprendemento e innovación en barrios.
13	Emprego	2	264.310.300	Aumento	Formación e recualificación profesional	€ 3.000.000,00	Remanente	Mellorar competencias e adaptarse á demanda laboral.
14	Deporte	6	342.061.900	Aumento	Mantemento e modernización de instalacións	€ 4.000.000,00	Remanente	Conservar e mellorar a rede deportiva municipal.
15	Deporte	6	342.061.910	Aumento	Novos espazos multideportivos cubertos e accesibles	€ 2.000.000,00	Remanente	Promover a práctica deportiva segura e inclusiva.
16	Deporte	4	231.048.002	Aumento	Programas de deporte e saúde	€ 1.500.000,00	Remanente	Fomentar hábitos saudables e actividade física.
17	Deporte	2	341.048.900	Aumento	Axudas ao deporte base e feminino	€ 1.500.000,00	Remanente	Impulsar a igualdade e o

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descrición	Importe	Financiamento	Xustificación
								deporte de base.
18	Educación	6	323.061.900	Aumento	Rehabilitación e cubrición de patios e pavimentos	€ 3.000.000,00	Remanente	Mellorar instalacións escolares e a súa seguridade.
19	Educación	6	323.061.900	Aumento	Mantemento das 9 escolas infantís dependentes do Concello de Vigo	€ 1.500.000,00	Remanente	Garantir o bo estado, seguridade e mantemento das escolas municipais infantís.
20	Educación	6	323.061.900	Aumento	Eficiencia enerxética e accesibilidade	€ 1.500.000,00	Remanente	Reducir consumo enerxético e eliminar barreiras arquitectónicas.
21	Educación	2	323.022.700	Aumento	Programas de educación dixital e competencias clave	€ 1.000.000,00	Remanente	Promover o uso das TIC no ensino público.
22	Educación	6	323.061.900	Aumento	Mantemento de centros públicos de educación infantil y primaria	€ 2.000.000,00	Remanente	Mantemento dos 90 centros de infantil e primaria de Vigo
23	Turismo	2	433.022.600	Aumento	Promoción do Xacobeo 2027 en Vigo e eventos asociados	€ 1.000.000,00	Remanente	Potenciar Vigo como destino do Camiño Portugués.
24	Turismo	6	433.061.900	Aumento	Sinalización e rutas turísticas sostibles	€ 600.000,00	Remanente	Mellorar a experiencia turística e diversificar itinerarios.
25	Medioambiente	6	171.061.900	Aumento	Plan de zonas verdes e recuperación de espazos naturais	€ 2.000.000,00	Remanente	Incrementar o patrimonio natural e mellorar zonas degradadas.
26	Medioambiente	6	171.061.910	Aumento	Mellora de zonas inundables e drenaxes	€ 1.500.000,00	Remanente	Previr inundacións e adaptar o

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descrición	Importe	Financiamento	Xustificación
								territorio ao cambio climático.
27	Seguridade	6	136.061.900	Aumento	Renovación de vehículos e equipamentos da Policía Local e Bombeiros	€ 2.000.000,00	Remanente	Reforzar medios materiais e operativos de emerxencia.
28	Seguridade	6	151.061.900	Aumento	Videovixilancia e seguridade en cemiterios municipais	€ 1.000.000,00	Remanente	Previr vandalismo e garantir a seguridade cidadá e patrimonial.
29	Seguridade	6	132.061.900	Aumento	Plan de seguridade integral en barrios e instalacións municipais	€ 1.000.000,00	Remanente	Mellorar a prevención e a resposta ante incidencias locais.
30	Transporte público	4	441.048.000	Aumento	Bonificación municipal do 20% adicional sobre o billete de Vitrasa con Pass Vigo (complemento ao 20% estatal)	€ 1.300.000,00	Remanente	Mantemento do desconto total do 40% a partir do 1 de xaneiro de 2026.
31	Transporte público	4	441.048.000	Aumento	Gratuidade para menores de 15 anos (Pass Vigo menor)	€ 280.000,00	Remanente	Reforzo da política social de mobilidade e apoio ás familias.
32	Transporte público	4	441.048.000	Aumento	Bonificación do 50% para usuarios de 15 a 30 anos (Pass Vigo estudante e universitario)	€ 290.000,00	Remanente	Incentivar o uso do transporte público xuvenil e estudantil.
33	Transporte público	4	441.048.000	Aumento	Gratuidade total para beneficiarios da Pass Vigo Social	€ 130.000,00	Remanente	Garantir a mobilidade de persoas en risco de exclusión social.
34	Xestión financeira	2	920.048.000	Aumento	Cuadro de mando público de execución trimestral	€ 50.000,00	Remanente	Aumentar transparencia e seguimento orzamentario.

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descripción	Importe	Financiamiento	Xustificación
3 5	Xestión financeira	2	920.048.000	Aumento	Auditorías de execución dos capitulos 6 e 7	€ 150.000,00	Remanente	Avaliar rendemento e eficiencia da inversión pública.
3 6	Xestión financeira	2	920.048.000	Aumento	Planificación plurianual e rendemento social	€ 300.000,00	Remanente	Integrar criterios de impacto social no orzamento.
3 7	Gobernanza	2	920.022.600	Aumento	Orzamentos participativos por barrios	€ 500.000,00	Remanente	Favorecer participación cidadá directa na planificación.
3 8	Gobernanza	2	920.022.700	Aumento	Publicación de informes semestrais e avaliación de políticas públicas	€ 300.000,00	Remanente	Fortalecer a rendición de contas e o control público.
3 9	Gobernanza	2	920.022.600	Aumento	Reforzo do control interno e da Intervención	€ 200.000,00	Remanente	Garantir control orzamentario e cumprimento normativo.
						€ 72.250.000,00		

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descripción	Importe actual	Importe proposto	Xustificación
1	Fondo continxencia	5	92.905.000.000	Redución	Reaxuste parcial do fondo de continxencia para reforzar programas prioritarios de vivenda, emprego e transporte, mantendo marxe suficiente para eventualidades.	600.000,00 €	400.000,00 €	Axústase o fondo mantendo un colchón operativo do 0,5 % do orzamento total; librarase crédito para accións urxentes sen comprometer a estabilidade.

Nº	Área	Cap.	Partida	Tipo	Descripción	Importe actual	Importe proposto	Xustificación
2	Programa decoración e animación do Nadal	2	43.102.279.900	Redución	Redución parcial dos gastos de eventos asociados ao Nadal, priorizando unha programación máis sostible e menos custosa.	1.150.000,00 €	805.000,00 €	Optimízanse custos de contratación e mantemento da campaña de Nadal, sen afectar o atractivo turístico nin o impacto comercial.
3	Anuncio, bandos e campañas institucionais	2	91.212.260.200	Redución	Redución do gasto en publicidade e comunicación institucional, orientando recursos cara a programas sociais e de mobilidade.	1.325.000,00 €	728.750,00 €	Axústase a partida de publicidade institucional para equilibrar o orzamento e garantir unha distribución máis eficiente do gasto corrente.

3.075.000,00 €

1.933.750,00 €

Financiamento e equilibrio.

As emendas do Grupo Popular preséntanse en situación de equilibrio financeiro real. Non se crean gastos sen cobertura:

O financiamento provén de remanentes de tesourería, con máis de 96 millóns dispoñibles.

Redúcese gasto corrente de baixa execución, especialmente en publicidade e eventos.

Reaxústanse partidas duplicadas e servizos externalizados non prioritarios.

Priorízanse proxectos cun retorno social e económico medible.

A redistribución proposta permite incrementar o investimento efectivo sen comprometer a estabilidade orzamentaria. O obxectivo é que Vigo pase de ser unha cidade con orzamento elevado e baixa execución a unha cidade con orzamento realista e execución alta.

Resumo por áreas.

Área / Proposta	Dotación total proposta	Período
Vivenda pública	26.000.000,00 €	anual
Política social	6.650.000,00 €	anual
Emprego	9.000.000,00 €	anual
Deporte	9.000.000,00 €	anual
Educación	9.000.000,00 €	anual
Turismo	1.600.000,00 €	anual
Medioambiente	3.500.000,00 €	anual

Área / Proposta	Dotación total proposta	Período
Seguridade	4.000.000,00 €	anual
Transporte público	2.000.000,00 €	anual
Xestión financeira	500.000,00 €	anual
Gobernanza	1.000.000,00 €	anual
TOTAL	72.250.000,00 €	

Resumo variacións orzamento 2026.

Orzamento actual	350.883.484,95 €
Adición	72.250.000,00 €
Redución	- 1.141.250,00 €
Orzamento definitivo	421.992.234,95 €

Resumo por capítulos modificados.

Capítulo	Importe definitivo proposto	%sobre el total proposto
2	186.989.771,71 €	44,31%
4	16.929.000,00 €	4,01%
5	400.000,00 €	0,09%
6	89.848.463,86 €	21,29%

A distribución por capítulos amosa unha estrutura de gasto equilibrada e coherente coa finalidade das emendas presentadas polo Grupo Municipal Popular.

O Capítulo 2, correspondente a gastos correntes en bens e servizos, concentra o 44,31 % do total proposto (186.989.771,71 €), resultado do reforzo das políticas sociais, educativas e de mantemento urbano, sen incrementar o gasto estrutural.

O Capítulo 4, de transferencias correntes, representa o 4,01 % (16.929.000 €) e recolle axudas directas, subvencións e bonificacións, como as relativas ao transporte público (Pass Vigo) e ao apoio a familias, entidades sociais e deporte base.

O Capítulo 5, de fondo de continxencia, mantense en niveis prudentes (0,09 %, 400.000 €), garantindo a cobertura de imprevistos sen inmovilizar recursos excesivos.

Finalmente, o Capítulo 6, de investimentos reais, supón o 21,29 % do orzamento modificado (89.848.463,86 €), consolidando o compromiso co investimento produtivo, a modernización das infraestruturas e a creación de valor económico e social na cidade.

En conxunto, esta redistribución mantén o equilibrio financeiro global e reforza as áreas de maior impacto social, favorecendo un orzamento máis eficiente, executábel e próximo ás necesidades reais de Vigo.

Vigo, 4 de novembro de 2025



Asdo. Miguel Martín Peña

Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo